

ASISTENTES

Bravo Bosch, María José
(presidenta)
Pita Carballo, José Luis (secretario)
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a
Covadonga
Cuevas Alonso, Miguel
Fernández Fernández, Federico A.
Casal Guisande, Manuel
Santos Grandal, Juan
Alverte Pivida, Rodrigo
García González, Silvia
Excusa a súa asistencia:
Fontán Bouzas, Ángela
Villanueva Villar, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do mércores, **04 de marzo de 2026**, ás 09:00 h en primeira convocatoria e ás 09:15 en segunda convocatoria, na Sala de reunións do 2º andar do Edificio Exeria e na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **04 de marzo de 2026** ás 09:15 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do día 27 de xaneiro de 2026.

A presidenta da Comisión Electoral, pide que se aprobe a acta. Manuel Casal Guisande pide que sexa incluído nos asistentes. Tense en conta a corrección.

Apróbase por asentimento.

2. Aprobación, se procede, das resolucións das reclamacións aos censos provisionais das eleccións á Reitoría e a representantes no Claustro Universitario.

Apróbase por asentimento.

3. Aprobación, se procede, dos censos definitivos para as eleccións á Reitoría e a representantes no Claustro Universitario.

Apróbase esta proposta por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da modificación nas circunscricións electorais no sector PDI-B nas eleccións á Reitoría e a representantes no Claustro Universitario.

A presidenta comenta que na xuntanza anterior quedaron edificios sen incluír e agora agrúpanse as circunscricións incluíndo estes edificios.

Federico Fernández pregunta se tamén foi incluído o edificio de Deseño e Moda de Pontevedra. A presidenta di que está segura que si se fixo pero que se compromete a confirmalo.

Apróbase por asentimento co compromiso exposto.

5. Aprobación, se procede, do número de claustrais por sector que corresponden en cada circunscrición.

A presidenta explica que se fixo unha distribución por censos segundo os grupos PDI-A, PDI-B, PTXAS e estudantado.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da delegación na presidencia da Comisión Electoral de eventuais correccións de erros no número de claustrais por sector derivados da aprobación dos censos definitivo.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, dos modelos de papeletas e actas de constitución das mesas, de escrutinio e de proclamación de persoas electas para elección á Reitoría e a representantes no Claustro Universitario.

Os candidatos irán por orde de sorteo da letra feito na comisión anterior.

Para Claustro indicárase na papeleta o máximo de persoas a elixir.

Aproveitaranse os sobres que existen para estudantado por unha cuestión de aforro económico para a institución.

Apróbase por asentimento

8. Aprobación, se procede, da delegación na presidencia da Comisión Electoral da proclamación provisional de persoas candidatas á Reitoría e a representantes no Claustro universitario así como doutros asuntos de mero trámite.

Na semana do 9 ao 13 de marzo poderanse presentar candidaturas para Reitor/a. A presidenta da Comisión Electoral comunicará aos membros da mesma a proclamación provisional de candidatos/as.

9. Sorteio dos membros do PTXAS que deberán integrar a mesa electoral da Reitoría.

Realízase o sorteio resultando do seguinte xeito:

| | | | | |
|------------------|-------------|---------|-----|-------------|
| MONSERRAT | GONZALEZ | VAZQUEZ | 122 | TITULAR |
| CONSUELO | SANTA CLARA | MANEIRO | 230 | TITULAR |
| MARTA | VILA | GARRIDO | 265 | TITULAR |
| CARINA | AMIGO | LORENZO | 18 | 1ª SUPLENTE |
| MARIA DEL CARMEN | RODRIGUEZ | JORGE | 215 | 2ª SUPLENTE |
| MARIA HENAR | QUINTAS | SALGADO | 197 | 3ª SUPLENTE |
| ANTONIO | VAZQUEZ | GAGO | 251 | 4º SUPLENTE |
| VICTORIA | CANOURA | LEIRA | 45 | 5ª SUPLENTE |
| JOSE ANGEL | VEIRO | GARCIA | 258 | 6º SUPLENTE |

O/A presidente/a será a persoa de maior idade.

O/A secretario/a será elixido/a a continuación do/a presidente/a.

10. Aprobación, se procede, da comunicación ás presidencias das mesas electorais das instrucións sobre as urnas e o escrutinio

Aprobado por asentimento

11. Aprobación, se procede, á vista do número de persoas electoras, da súa distribución por mesas electorais para as eleccións á Reitoría

Aprobado por asentimento

12. Quenda de intervencións.

Federico Fernández comenta que se deben habilitar lugares para garantir a privacidade do voto onde se ubiquen as mesas electorais.

A presidenta responde que irá incluído este punto nas instrucións que se manden aos centros. Tamén responde que as persoas das mesas electorais disporán dun día de lecer.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta da Comisión dá as grazas a todas e todos por asistir e comenta que se xurdise calquera problema sería convocada a Comisión para tentar solucionalo.

E así remata a xuntanza sendo as 9:35 horas do que eu como secretario dou fe.

A presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral